
A HISTORIA DOS BONOBOS CON LENTES

Texto de ADELA TURIN

Ilustracións de NELLA BOSNIA

Tradución de G. TOLENTINO

Encadernado en cartón. 21,5 x 27 cm. 40 páx. 16 €.

[A historia dos bonobos con lentes](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-832-1. Tras os montes.

[La historia de los bonobos con gafas](#) (castellano)

ISBN 978-84-8464-831-4. Clásicos contemporáneos.

[La història dels bonobos amb ulleres](#) (català)

ISBN 978-84-8464-833-8. Clàssics contemporanis.

[Bonobo betaurrekodunen eglazko historia](#) (euskara)

ISBN 978-84-7681-848-0. Gaur egungo klasikoak.

[A história dos bonobos com óculos](#) (português)

ISBN 978-989-749-009-5. Clássicos contemporâneos.

Hai moitos, moitos anos, os bonobos vivían nuha fraga.

Estaban sempre moi ocupados mascando froitas e bagas,

noces e sementes, raíces e brotes, que as bonobas

recollían durante todo o día para eles

e para os bonobiños e as bonobiñas...

Hai máis de corenta anos, Adela Turin comezou a publicar en Italia a colección «Dalla parte delle bambine», que pouco despois foi editada en España por Esther Tusquets co título «A favor de las niñas». Converteuse axiña nunha serie de referencia para a coeducación e a igualdade, e foi traducida a varias linguas.

A pesar do tempo transcorrido, na actualidade estes libros teñen plena vixencia e seguen sendo moi necesarios.


Bonobos e bonobas tiñan un status moi desigual na fraga onde vivían todos xuntos. Eles comían o que elas recolectaban; eles viaxaban, aprendían e modernizábanse pero non aceptaban que elas tamén evolucionaran e burlábanse do seu aspecto.

Tiñan a errónea teoría de que a educación e o progreso do grupo ao completo era prexudicial; ata que as bonobas cansaron de aturar ese comportamento tan egoísta.

Unha historia fabulada que -como «Artur e Clementina», «Rosa caramelo» e «Unha feliz catástrofe»- pretende pór en valor o rol feminino na sociedade, erradicar os estereotipos sexistas e a discriminación para cambiar mentalidades e construír un mundo mellor.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** relacións humanas.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** coeducación, igualdade, liberdade; contra os estereotipos sexistas; da autora e da ilustradora de «[Rosa caramelo](#)», «[Artur e Clementina](#)», e «[Unha feliz catástrofe](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-h-dos-bonobos-g>

Adela Turin

(Italia, 1939)

Historiadora da arte e escritora, nos anos 60 dedicouse a analizar os sesgos sexistas na literatura infantil. En Milán formou parte do grupo Rivolta, vencellado ao movemento feminista. Co obxectivo de combater a discriminación de xénero dende a familia patriarcal, decidiu crear a colección «Dalla parte delle bambine» que, entre 1975 e 1980, publicou máis dunha vintena de libros. Anos despois trasladouse a París, onde fundou -con Silvie Cromer- a asociación «Du côté des filles», que dende 1994 investiga e denuncia os casos de sexismo nos materiais educativos, e promove a sensibilización do sector editorial, as institucións e o público. Na actualidade dedícase a ler, escribir artigos e impartir conferencias.

Nella Bosnia

(Italia, 1946)

Estudou Arte en Milán e traballou como decoradora e estilista na creación de produtos téxtiles para a firma La Rinascente, onde coincidiu con Adela Turin, coa que fundou a colección de libros «Dalla parte delle bambine». Como ilustradora ten colaborado con editoriais de Italia e Francia.

